



## **AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE TOURO**

### **1. Obxecto**

Outorgar axudas ás familias do Concello do Touro, coa dobre finalidade de fomentar a natalidade e de fixar poboación dentro do termo municipal.

### **2. Persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias serán conxuntamente os proxenitores ou adoptantes, que figuren no rexistro de nacemento ou adopción.

No caso de que so figurase un proxenitor ou adoptante, será esta a única persoa beneficiaria.

Para os supostos de nulidade, separación, divorcio ou nos supostos nos que o fillo estea exclusivamente a cargo dun proxenitor, será este o solicitante da axuda.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

### **3. Requisitos de acceso**

1. Ter nacionalidade española ou ser estranxeiro con residencia legal en España.
2. Que os proxenitores, ou polo menos un deles e o/a menor, manteñan o empadramento no municipio de Touro nos seis anos posteriores ao nacemento.
3. Que, polo menos un dos proxenitores, estea empadroad/a no Concello de Touro cunha antelación mínima de 9 meses á data de parto ou adopción.
3. Que o/a menor conviva co/coa solicitante ou solicitantes.
4. O/a menor adoptado/a terá unha idade de ata 3 anos. Neste caso, será inscrito no prazo dun mes, dende a resolución xudicial, no padrón municipal de habitantes.
5. Estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Touro.

### **4. Contía das axudas**

1.000 € por cada fillo/a nados/as, adoptados/as ou acollidos/as

1.500 € no caso de que o fillo/a nacido ou adoptado sexa o segundo ou sucesivos ou, no caso de nacementos ou adopcións de fillos/as con algunha discapacidade recoñecida cun grado igual ou superior ao 33%.

En caso de partos múltiples, terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo/a nado/a. Este incremento, tamén se aplicará no caso de adopcións de máis dun/ha menor.



## 5. Procedemento de solicitude e de concesión

As solicitudes das axudas deben de presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Touro a través do modelo normalizado (anexo I), dirixidas ao alcalde-presidente.

Estas, presentaranse, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, de conformidade da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A convocatoria estará aberta durante todo o ano.

A solicitude deberá presentarse no primeiro ano de vida do/a menor ou ata os tres anos de idade do/a menor adoptado/a.

## 6. Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

1. Certificado do rexistro de nacemento ou adopción e DNI do solicitante.
2. Certificado da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
3. De ser o caso:
  - Auto xudicial de adopción ou copia compulsada, da resolución administrativa de acollemento.
  - Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio.
  - Resolución xudicial que estableza a quen corresponden a garda e custodia do menor en caso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.
  - Certificado de grado de discapacidade.
4. Certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar, onde figure a data de alta no Padrón Municipal de Habitantes. Este certificado será achegado de oficio polo Concello.

O incumprimento das condicións de acceso a esta axuda dará lugar á revogación da subvención concedida, coa obriga de devolver o importe íntegro percibido.

### Máis información:

Servizos sociais do Concello de Touro  
Teléfono: 981504000/29 Extensión 1